

ACTIVIDADES DO TEMA 2

1. Explique brevemente a historia da normativización da lingua galega dende os seus inicios ata a actualidade e encadre o fragmento poposto nunha das súas etapas. Explique o que saiba sobre a elaboración da obra á que pertence este texto. (Extensión aprox. 250 palabras)

Alén de propostas individuais mellor ou peor fundadas e que atinxiran maior ou menor circulación, a primeira tentativa institucional de dotar o galego dunha orientación normativa correspondeu ao Seminario de Estudos Galegos, que publicou *Algunhas normas pra a unificación do idioma galego* (1933) e *Engádegas ás normas pra a unificación do idioma galego* (1936).

[...]

Unha vez que o galego é recoñecido como lingua oficial no Estatuto de Autonomía (1981), a conveniencia xa antes sentida dunha normativa de referencia para os usos públicos, legais e educativos do idioma convértese nunha necesidade perentoria. Para afrontala, a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega nomean unha comisión encargada de elaborar unha proposta á altura das esixencias daquel tempo. [...] O texto elaborado por esta comisión, [...], foi discutido e aprobado en sesión conxunta das dúas institucións o 3 de xullo de 1982. As *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* foron oficializadas pouco máis tarde pola Xunta de Galicia (Decreto 173/1982, de 17 de novembro), e deste xeito convertéronse na primeira codificación normativa da nosa lingua que contou con soporte académico, científico e legal.

RAG/ILG, Limiar das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (2012)

2. A partir dos seguintes enunciados, explique os conceptos de “interferencia lingüística” e “desviación da norma”, achegando exemplos de distintos tipos de cada un presentes nos propios enunciados. (Extensión aprox. 250 palabras)

- As leises actuais non protexen debidamente a riqueza natural arousana.
- A médico te mandou facer uns análises a semán pasada por se detectaba algunha carencia na sangue e tu non lle fixeches nin caso.
- O viaxe que fixen no vran ca miña irmán foi marabilloso.
- O axuntamento vilagarciano medrou máis cos outros da comarca.
- O mensaxe desa filósofa é que protexamos o medio ambiente e as zoas máis valiosas da natureza.
- Cando houbo acabado o traballo, Xulia e mais él saíron pasear polo núcleo urbán.
- Se queresme axudar, apara o arradio, colle unha silla e unha tixeira e ven para aquí.